




VOZ  **NATURA**

2023-2024

CEIP de GALÁN- OSEIRO (ARTEIXO)



A CONTORNA DE GALÁN

1.- INTRODUCCIÓN

As contornas de aprendizaxe son espazos enriquecedores que fomentan o desenvolvemento dos máis pequenos e das máis pequenas. Estes inclúen as aulas, os espazos de xogo e as áreas no exterior. Son espazos ben organizados e administrados.

A importancia da contorna na educación é máis que esencial para promover un bo desenvolvemento no alumnado. Por este motivo, é preciso establecer un entorno escolar que favoreza un bo ambiente emocional e psicolóxico para o seu crecemento.

A natureza está chea de ensinanzas que podemos tomar dela, ensinanzas que poden aportarnos coñecemento e inspirarnos na nosa vida diaria. E a pesar de todo isto, mentres se fai un dano ao medioambiente, é impresionante a capacidade de recuperación que ten a nosa contorna. O noso corpo pode comportarse da mesma maneira se facemos exercicio e levamos una dieta equilibrada.

A natureza axúdanos a manter a saúde física e mental. Estar a carón dela axúdanos a recargar enerxía e relaxarnos. Un paseo pola cidade ou descansar na casa non consegue os mesmos resultados que saír a camiñar polo campo, ir a praia e sentir o vento na cara.

Pretendemos continuar co noso proxecto de Voz Natura no curso 2023-2024. Adaptaremos os obxectivos a nosa contorna máis cercana, dende o noso alumnado (comunidade educativa) ata o noso centro (enclavado en plena natureza), sementando así o noso futuro... os nenos e as nenas.

Temos certeza do éxito entre o alumnado das actividades no medio natural feitas ata o de agora, por iso queremos seguir explotando as múltiples posibilidades que ofrecen os espazos naturais do centro: a horta, o invernadoiro, as zonas de xardín, de frutais, o monte e saídas das nosas lindes en busca de caminos, rutas polo bosque...etc, que agochan unha variedade

de flora e fauna moi interesante durante as catro estacións do ano.

Cun papel activo do alumnado, podemos de verdade conectar con outros moitos valores relacionados co coidado ambiental e permitir que unha conciencia ecolóxica se vaia asentando curso a curso.

2.- OBXECTIVOS

- Situar a nosa contorna como fonte de aprendizaxe viva e fonte de aprendizaxe do patrimonio natural que nos rodea.
- Relacionar medioambiente e saúde.
- Pasear pola contorna para aprender.
- Coñecer e investigar sobre as árbores e outras especies do noso centro.
- Aprender da nosa natureza, que lle fai dano.
- Concienciar da importancia de reducir, reutilizar e reciclar.
- Coidar das zonas verdes do noso centro: os frutais, a horta, xardíns, o invernadoiro...
- Valorar e fomentar o respecto pola nosa fauna e flora.

3.- CONTIDOS

- As árbores, a vexetación e a fauna da nosa contorna.
- As nosas accións no medio natural.
- A importancia de reducir, reutilizar e reciclar.
- Os agasallos da natureza.
- O noso patrimonio natural.
- Cultivos de outono e primavera.
- Unha dieta equilibrada. As merendas saudables.

4.- ACTIVIDADES:

- Estudo das especies da contorna.
- Plantar na horta e no invernadoiro. Recolección.

- Plantar plantas aromáticas.
- Levar a cabo saídas pola contorna para o coñecemento do noso patrimonio natural.
- Colocar caixas-niño nas árbores existentes no centro para dar refuxio aos paxaros.
- Realización de actividades de reciclaxe.
- Realizar unha saída para concienciar ao alumnado da importancia da limpeza dos nosas praias, ríos, paseos...
- Actualización do blogue de Voz Natura.

As actividades levaranse a cabo de setembro do 2023 a xuño do 2024.

As actividades estarán dirixidas a toda a comunidade educativa, fomentando a participación das familias e da ANPA.

5.- MATERIAIS

| | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| Materiais para o horto, invernadoiro e zona de frutais (plantas, semillas, terra, abono ecolóxico, insecticidas de cola de caballo, ortigas, cinza, aceite de parafina...). | 250,00€ |
| Materiais para á saída: guantes e bolsas de papel | 100,00€ |
| Autobús para á saída: 150 euros. | 150,00€ |
| TOTAL | 500,00€ |

6.- COORDINACIÓN DO PROXECTO:

M^a Jesús Pombo López

Oseiro, a 13 de marzo de 2023

V^o e Pr.

M^a Concepción Sánchez Vaamonde

A directora